

LOS DESTELLOS

Pilar Palomero, 2024

1385

ESTREA EN NUMAX: 04.10.2024 | V.O. | +7 | 101 min

A vida de Isabel dá un inesperado xiro o día en que a súa filla Madalen lle pide que visite regularmente a Ramón, que se atopa enfermo. Logo de quince anos afastada do seu ex-marido, un home ao que ve como un descoñecido pese a que foron familia durante anos, en Isabel comezan a reavivarse resentimentos que cría superados. Porén, ao acompañar a Ramón no seu momento máis vulnerable, Isabel conseguirá ver con outros ollos o fracaso que viviron para se centrar no presente da súa propia vida.

«Un filme sobre a morte pero do que sairás querendo abrazar a vida»

Andrea G. Bermejo, CINEMANÍA



Entrevista con Pilar Palomero: «Os filmes son unha forma para comunicarnos, entendernos e acompañarnos»

Por Daniel Monserrat

Que se sente cando alguén lle di que o teu filme lle chegou? Eu fixen o filme porque un día sentínme desa maneira e creo que, ao final, os filmes son unha forma para comunicarnos, entendernos e acompañarnos. Creo que é o máis bonito que me pode dicir alguén e é a razón última pola que a min me gusta facer cinema.

Los destellos é unha adaptación dun relato de Eider Rodríguez, como foi a túa primeira lectura? Encantáronme os personaxes carismáticos, que parecen sinxelos pero son moi complexos. E vin a posibilidade de falar de algo persoal. Vin que todo iso que eu quería comunicar sobre como unha morte te pode colocar dunha maneira diferente fronte a vida podía facelo a través de personaxes que non eran eu e dunha proposta de Eider. Sentín que o relato me chegara ás mans por esa razón. Era o momento de facer un filme con moitas emocións que vivira porque había tempo que tiña ganas de facelo pero non sabía como.

O filme fala, en realidade, da vida na morte... Non é algo moi habitual. Este ano xusto saíron varios filmes así. Quizais é que o que queremos é falar diso e normalizalo, sobre todo á hora de non ser tan ortopédicos uns cos outros cando se perde un ser querido ou hai unha enfermidade. Parece que temos apuro en mandar unha mensaxe por se lle pode parecer mal, cando o único que quere esa persoa é cariño, ti dállo e xa verá se o colle, o xesto de dalo é o que necesita.

Non é casual que sexa unha muller a que cuida o seu ex-marido e non ao revés. Efectivamente, falabámolo con Pablo, que é o médico de paliativos no filme e tamén o seu traballo, e mencionábanos que sempre que hai unha ex-parella normalmente é unha ex-muller cuidando un ex-marido e non ao revés. Oxalá isto propoña unha reflexión, pero pézeme que o que fai o personaxe de Isabel é súper bonito porque non é algo que a ela lle apeteza ou lle naza, faino por amor á súa filla. Pézeme que pouco a pouco vai quitándose coirazas e faino por humanidade, por amor á outra persoa pero non pola parella que foron, senón como seres humanos que nos temos que coidar. É un filme no que todos coidan de todos. Nacho, o oposto a Ramón, a nova parella de Isabel, ten unha forma preciosa de coidar que é dándolle o seu espazo aínda que lle doa, o seu tempo. Hai moitas maneiras de coidar.

Teño a sensación de que é un filme no que todos os personaxes aprenden dos outros. Hai algo transformador no que viven, todos se ven noutro lugar distinto do que empezaron ao comezo do filme. É un pouco a mensaxe final, cando estás sufrindo algo tan serio, faiche ver as cousas doutra maneira e o que antes parecía enorme igual agora non o é tanto. Todos fan esa viaxe de madurez, a filla deu por feito que ten que asumir esa responsabilidade e non. Sinto que son personaxes que aprenden que hai que pedir perdón, grazas e quérate. É algo que non facemos a miúdo.

Hai unha escena moi significativa, cando aprende a desfrutar de encontrar fósiles. Esa escena está aí porque son vivencias miñas. Pasoume que ante ter moi preto o falecemento dun ser querido era moi consciente dos elementos e da vida. Lembro estar en Zaragoza, tomar un café e sentir como o sol me quentaba a pel, de súpeto dentro desa tristeza tiña unha sensación de agradecemento. O perigo é que se dilúa pero nese momento fun moi consciente e era algo que quería compartir coa xente.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Un corazón demasiado grande,
Eider Rodríguez.
Random House, 2019

Desmorir,
Anne Boyer.
Sexto Piso, 2021

Os corpos fráxiles,
Sofía Ruvira.
Aira editorial, 2024